



## **A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA ESIXE O PECHE INMEDIATO DA CENTRAL NUCLEAR DE GAROÑA**

Nunha decisión salomónica, coa que pretendeu contentar a ecoloxistas, veciños e empresarios, o goberno de Zapatero ven de decidir a permanencia da actividade da central nuclear de Garoña por 4 anos máis; con esta decisión –que non contenta a ninguén- o PSOE non só amosa unha evidente debilidade ao ceder ás presións empresariais, senón que incumpre a promesa recollida no seu programa electoral, no que tiña fixado no ano 2011 a data definitiva para o peche da obsoleta central nuclear. Unha volta máis ponse en evidencia a dependencia que o poder político ten das cúpulas empresariais.

Pero, ademais, con esta inxustificable decisión, o goberno Zapatero está a pór en serio perigo á poboación do contorno, que vería medrar o risco dun accidente nuclear na zona; en efecto, estamos a falar dunha central nuclear que leva en funcionamento desde o ano 1971, que ao longo da súa vida ten dado multitude de problemas e que está afectada de enormes eivas de seguridade. Non podemos pasar por alto que Garoña ten seriamente danada a vasilla do reactor, a parte máis sensible dunha central nuclear e na que se atopa o uranio, nin a multitude de gretas existentes na súa estrutura, gretas que veñen provocadas pola corrosión e que –tal e como recoñeceu no seu día o Consello de Seguridade Nuclear- van a máis a medida que pasa o tempo.

Para a Asociación Pola Defensa da Ría a decisión adoptada polo goberno do estado reviste unha fonda gravidade e irresponsabilidade, e non se xustifica –como tentan dicir- na necesidade de produción de electricidade. Garoña, no ano 2008, acadou un total de 4.020,91 GWh fronte aos 31.102 GWh producidos pola enerxía eólica ou os 11.221 GWh correspondentes ás exportacións de electricidade nese mesmo ano.

E tampouco se xustifica a permanencia da central nuclear en base aos postos de traballo que poida aportar á comarca; a central nuclear de Garoña está dabondo amortizada co esforzo de todos e todas nós, e os cartos producidos neste tempo ben se poderían investir no desenvolvemento dun modelo económico sostible na zona.

Para a APDR, lonxe de seguir apostando pola enerxía nuclear –que realmente aporta ben pouco no conxunto das actuais fontes enerxéticas no estado español- o goberno PSOE debera afortalar as inversións na investigación en fontes de enerxía alternativas como a solar, sen dúbida cun enorme futuro por diante e moito máis rentabeis desde o punto de vista ambiental e social. Neste sentido, tería que abrirse un debate serio no tocante ao modelo enerxético a adoptar para o futuro; de calquera outro xeito

Na APDR sabemos ben como rematan as promesas dos nosos gobernantes en canto a prazos se refire, e moito nos tememos que como ven sucedendo desde hai xa demasiado tempo co tema do fin da actividade de ENCE e ELNOSA na nosa Ría, a decisión do goberno Zapatero de pechar Garoña no ano 2013 non sexa máis que o principio dunha prórroga indefinida para a continuidade de Garoña e da inseguridade cidadá na comarca. Por eso esiximos o peche definitivo da central nuclear de Garoña, a apertura dun debate sobre a problemática arredor do consumo enerxético e dos distintos modelos de desenvolvemento e unha aposta decidida polas enerxías alternativas.

Pontevedra, 3 de xullo de 2009

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.